



De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o mércores, día **13 de decembro de 2006**, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Aprobación da composición da Comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobada no Consello de Goberno do 8 de novembro de 2006.
- * Desestimación dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais D. Santiago Rodríguez Escudero, nas materias: “Econometría”, “Dirección Financeira” e “Estratexia Internacional 2”.
- * Facúltase ó Reitor para que en nome do Consello de Goberno eleve ó Consello Social a proposta sobre a asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos de excelencia curricular correspondente á convocatoria de 26 de outubro de 2006 (DOG do 3 de novembro de 2006), e sobre a asignación de retribucións adicionais relativas ó complemento ó labor docente e ó labor investigador correspondente á convocatoria de 16 de outubro de 2006 (DOG do 31 de outubro de 2006).
- * Creación de novos cargos académicos.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo na Fundación Ceo, Ciencia e Cultura e na Fundación Illa de San Simón.
- * Aprobación da participación da Universidade de Vigo no consorcio “Instituto de Estudos Turísticos de Galicia”.
- * Aprobación de incorporación de remanentes.
- * Aprobación do proxecto de orzamento do ano 2007.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa Universidade de Granma (Cuba) – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para o programa de promoción da intensificación da actividade investigadora – Convenio de colaboración coa fundación María José Jove e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, para a realización do proxecto “Estudo da prevalencia do asma e das enfermidades alérxicas na infancia en Galicia” – Convenio marco relativo ó EURES transfronterizo denominado Norte de Portugal-Galicia – Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres Universidades Galegas para o desenvolvemento do postgrao oficial de Turismo – Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a incorporación ó programa oficial de posgrao de Ciencia e Tecnoloxía Química da Universidade de Santiago de Compostela – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para a realización do proxecto “Empresa Concepto” – Protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, as Universidades da Coruña e Santiago de Compostela e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para o Programa Horizontal de Recursos Humanos – Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas e outras entidades para a rede de apoio á promoción da arquitectura en granito.

Vigo, 13 de decembro de 2006
A Secretaría Xeral

Esther M^a González Pillado